

Algunhas claves da literatura galega contemporánea

Anxo Angueira

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ANGUEIRA, ANXO (2011 [2008]). “Algunhas claves da literatura galega contemporánea”. *A Trabe de Ouro*: 76, 529-535. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/970>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ANGUEIRA, ANXO (2008). “Algunhas claves da literatura galega contemporánea”. *A Trabe de Ouro*: 76, 529-535.

* Edición dispoñíbel desde o 30 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

ALGUNHAS CLAVES DA LITERATURA GALEGA CONTEMPORÁNEA*

Anxó Angueira

Cun trazo groso, a historia de Galicia pode resumirse en tres etapas. Unha, a máis longa, en que se formou na xeografía dos castros galaicos e consolidou unha comunidade fortemente diferenciada que se esgallou no seu sur coa póla que logo se chamou Reino de Portugal, creándose o que é aínda hoxe a fronteira política máis vella de toda Europa; outra, agre e escura, en que esta comunidade, Galicia, viviu un proceso de submisión e asimilación castelanista/españolista; e finalmente unha etapa iniciada no século XIX co denominado Rexurdimento en que se organiza unha resistencia ó dominio (intelectual, política e literaria) e se intenta recuperar tanto a dignidade dun pobo, dunha lingua, dun país humillados, como, naturalmente, a liberdade.

* Este é o texto da palestra pronunciada no II Festival Internacional de Linguas e Literaturas Neolatinas celebrado en Recife (Brasil) entre o primeiro e o 5 de setembro de 2008.

Ese Rexurdimento concentra embrionariamente as claves que explican o proxecto político emancipador e a literatura que o acompaña. Un proxecto baseado na Ilustración, democrático, laico, progresista, transformador, que os sucesivos avatares fixeron republicano (e decer republicano en España é revolucionario) e desde os anos sesenta do pasado século fixeron maioritaria e significativamente de esquerdas. Unha literatura que, empregando como instrumento a bandeira nacional da lingua, da lingua propia, a do pobo, foi dando conta da alegoría nacional ó tempo que, como en tódalas literaturas de nacións emerxentes, proporcionaba un capital simbólico absolutamente indispensable para o proxecto de emancipación.

Sexamos concretos: Rosalía de Castro. O escritor nacional galego é ó tempo o pai da patria, pero ademais escritor e pai son unha muller, velaí dous signos non irrelevantes do proxecto que ela encabeza. Que pai de que patria é o seu escritor nacional e é muller? Que pai da patria ou escritor nacional puxo a muller como suxeito poético e político, escribiu desde a muller, encheu de ulises non, de heroicas penélopes a paisaxe trágica da emigración? A literatura galega é feminista desde a raíz, transgresora, crítica, resistente. Instalarse onte e hoxe na lingua e na literatura galega é cargar co peso desta estirpe, aínda que sexa para rebelarse contra el. Sexamos máis concretos, que falen os textos.

Cantares gallegos, 1863, primeiro libro integramente en galego desta escritora, xa nos pode permitir facer un sintética análise das tensións con que se vai manexar o sistema que inaugura. O prólogo, un manifesto, toda unha declaración de independencia:

...todo esto me atrevín a cantar neste homilde libro pra desir unha vez siquiera i anque sea torpemente, ós que sin razón nin coñecemento algún nos desprezan, que a nosa terra é dina de alabanzas, e que a nosa lingua non é aquela que bastardean e champurran torpemente nas máis ilustradísimas provincias cunha risa de mofa que, a desir verdade (por máis que ésta sea dura), demostra a iñorancia máis crasa i a máis imperdoable inxusticia que pode facer unha provincia a outra provincia hirmán por probe que ésta sea.

Os avances e os retrocesos de Galicia foron sempre espellados pola súa literatura, deica os nosos días. Claro, a literatura fíxose cargo (que literatura non o fai?) do fado da nación. E a nosa nación desde aquela foi buscándose e recoñecéndose tamén no que foi vivindo: o movemento agrarista de primeiros do século XX, o terror fascista tronizador de esperanzados horizontes, asasino de escritores, queimador de libros... Fala Luís Pimentel, un poeta que dicía que a poesía é o grande milagre do mundo: «Cunetas».

Do terror fascista, da emigración, do exilio, da resistencia guerrilleira, da loita antifranquista, da loita entre o galeguismo culturalista e o político... Que diga Méndez Ferrín, candidato ó Nobel pola literatura galega, escritor preso na cadea de Franco e aínda na da II Restauración Borbónica, que diga en 1975 aquel clandestino e paul-eluardiano e esplendoroso «Reclamo a liberdade pró meu pobo». Da loita antifranquista, do despoboamento rural, das ameazas que sofre a lingua, da traxedia ecolóxica do *Prestige*, da depredación, da alienación do novo capitalismo, capitalismo serodio... Velaquí o poema de Daniel Salgado, «Derradeiro poema do capitalismo serodio / The last poem on the late capitalism».

Volvamos ó prólogo de Rosalía.

Lagos, cascadas, torrentes, veigas froridas, valles, montañas, ceos azues e serenos como os de Italia, horizontes nubrados e melancónicos anque sempre hermosos como os tan alabados da Suíza, ribeiras apacibres e sereníñas, cabos tempestuosos que aterran e adimiran pola súa xigantesca e xorda cólera.... mares imensos... ¿Que direi máis?

Rosalía de Castro «inventa» a paisaxe galega e utilízaa politicamente contra Castela / España. Esa Galicia fea, infernal, inhabitable da que se burla Góngora naquel insultante soneto («Pálido sol en cielo encapotado»), pasa a ser un lugar ameno que Rosalía, por verde, húmida, fresca e variada, opón á seca, dura, deserta e monótona Castela, metonimia de España. Fica así gravurada no imaxinario galaico unha antítese paisaxística que se retoma constantemente. Faino Otero Pedrayo na súa novelística no primeiro terzo do século xx e faino Méndez Ferrín no seu ciclo narrativo arredor de Tago e Ata, ese espazo imaxinario sometido politicamente a Terra Ancha. E non só iso, Rosalía é poeta da súa terra local, metonimia de Galicia, da Terra de Iria, inaugurando así todo un fío que continuaron moitísimos poetas e novelistas, como en descubertas interiores e luminosas. Galicia é un país pequeno en extensión pero inmenso cara a dentro, coma unha espiral, inabarcable. Poetas do mar, do mar das rías e do mar dos cantís, e do mar de dentro do mar. Poetas da Terra Cha, das Serras Orientais, das Serras atlánticas de cabalos bravos, dos bosques de antas megalíticas e dos bosques de petroglifos, das Bocarribeiras de camiños. Novelistas do Ermo, do Miño, das Searas, das Brañas, dos arrabaldes de Vigo, de Ourense, da Coruña, dos pazos e mosteiros. Fronte á paisaxe doce de Rosalía, Eduardo Pondal poeta tamén do Rexurdimento, aprópiase dunha paisaxe esgrevia, as terras bravas e a costa de Bergantiños poboadas de dolmens e castros e toponimia e gándara, esa especie de *sertão* —non tanto polas características físicas como polo rendedoiro literariamente que resulta—, que converte en escenario de liberdade, da liberdade que el asociaba á nación mítica celta que nos tatuou indelével no imaxinario, el, de escuro lóstrego na testa. A dialéctica directa e política de Rosalía entre Galicia – Castela/España convértese con Pondal tamén nunha tensión con toda a forza do mito liberador: celtismo contra iberismo, ás veces transmutado en atlantismo contra mediterraneísmo. Do ibérico para nós, talvez, máis memorable sexa aquel DRIL, aquel Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación que ó mando de galegos e portugueses secuestrou o trasatlántico *Santa María* en 1961 para denunciar as ditaduras española e portuguesa. O solidario goberno brasileiro acolleunos e o *Santa María* recalou aquí mesmo en Recife, como vocés saberán. Velaí o iberismo antifascista. Dese somos. Pero volvamos ó *sertão* de Pondal, creador dunha gándara de palabras, dunha paisaxe lingüística singular, como Guimarães Rosa: «Feros corvos de Xallas».

E esa tensión entre o doce e o áspero (esgrevio, decemos nós), permanece e ramifícase deica os nosos días en múltiples tensións: diminutivistas franciscanos e grandioso paganismo, poetas do mar e da montaña, desde logo paisaxe rural e urbana, labrega e obreira, da épica na mínima aldeíña incógnita ou do Vigo de Martín Códax industrioso, a Kreuzberg cruzado pola Deutsche Bahn, ás *marjades* de Mallorca, á arena de Carcasona, ó mato do Cauca ou ó mato onde mora a xaguarana negra e o xiringueiro, nativos de terra nai e estranxeiros que non son de aquí nin de ningures, tampouco cosmopolitas, en todos hai un uso asiduo e por veces tamén moi político do lugar, da terra, da paisaxe, sexa cal for. Velaquí as paisaxes de Lois Pereiro naquel poema «Que a vida non me sorprenda xamais / prevenido calado e neutral».

Outra tensión asociada a esa matriz *Cantares gallegos*, esa matriz / matrix Rosalía de Castro, é a derivada do popular. Rosalía bota man dun repertorio literariamente sospeitoso e ideoloxicamente ou inocuo ou reaccionario como son os cantares populares. Moi frescos eles, moi puros, moi folks, encantadoramente conservadores. Pois non. O que executa

Rosalía de Castro é un exercicio literariamente extraordinario de transgresión da literatura popular terxiversando ou reapropiándose dos cantares populares, un marxinal literario en lingua marxinal, para usalos como unha vestimenta, unha pátina ou mesmo unha trincheira desde a que disparar insospeitadamente a potente metralla do seu pensamento crítico que, como non podía ser doutra maneira, non é que condense o ideario político do Rexurdimento e de todo o proxecto que alí se cría, é que o leva ás súas máis diáfnas posicións radicais. Porque Rosalía de Castro era en política e en literatura a máis radical, afouta e revolucionaria de todo o movemento. E, por riba, feminista. Non deixemos de ser concretos. Velaquí unha estampa que arrecende en tódolos versos a folclore popular e que ben lida é toda unha carga de anticlasismo, de anticlericalismo e de defensa dos dereitos da muller (da muller de mediados do século XIX) á independencia e ó amor libre. Unha costureira, de moi mala sona no cancionero popular galego, pídelle a unha santa que lle aprenda a puntear, a baila-la muiñeira, o baile típico galego, para poder ir á romaría. Algo moi parecido a aquela cantiga de romaría de Nuno Treez (Rosalía descoñecía os cancioneros medievais, claro). A santa reproduce na súa negativa os mesmos ataques có cancionero popular contra as costureiras: preguiceiras, finiquitas, doadas pró sexo. A que parece unha estampa costumista esta «Miña santiña / miña santasa»?

E hai aínda quen adora Rosalía de Castro como mai, santa e poeta popular... Poñamos Teixeira de Pascoais, por exemplo. A tensión entre o popular e o culto ou mesmo o vangardista, entre o rural e o citadino, entre o inocuo e o crítico, entre un repertorio pechado e esencialista e outro aberto, dialóxico, interliterario, sempre estivo aí, claro. Así a resolveu Rosalía. E satisfactoriamente tamén a resolveu Manoel Antonio nos anos vinte do pasado século en que se funda e organiza o nacionalismo político galego, primeiro algo escorado por Risco cara ó conservadorismo tradicionalista de *volksgeist* aínda que logo virado cara á face de seu, a que estaba nas orixes, a progresista e democrática e transformadora, republicana, o que loxicamente o fixo vítima do fascismo. A el e á literatura galega (aínda que *Os libros arden mal*, como pon no título da súa novela o máis exitoso e coñecido escritor actual, Manuel Rivas), que só puido manter vivo o facho durante décadas no exilio americano da Arxentina, Uruguai, Brasil, Venezuela, México, Cuba ou Estados Unidos. Son os anos anteriores á guerra anos esplendorosos no literario: florece por fin a novela, e a gran novela europeísta, outra vez Otero Pedrayo, novélase a historia de Galicia, as contradicións da sociedade tradicional e as da moderna, a posición de Galicia en Europa, florece o relato breve, fanse traducións, publícanse revistas, codifícase a norma lingüística, publícanse dicionarios léxicos e literarios... Poetas redescobren e recrean a poesía galega medieval de trobadores e xograres, García Lorca escribe en galego, Cabanillas devolve Galicia ó mundo artúrico, continuando así por outras vías a tensión celtismo-iberismo de Pondal, un camiño que despois recollerán autores tan importantes como Cunqueiro ou Ferrín, outra vez Méndez Ferrín, ou Darío Xohán Cabana ou o mesmo Manuel Rivas, un camiño que nos puña de novo na xeografía celta, a xeografía dos países escravos do atlántico. Por certo, non coñezo outra literatura que hoxe practique esta andadura con tanta intensidade e con tanta intención. E tamén aparece a vangarda, aparece un rianxeiro que estuda náutica en Vigo, está subscrito a revistas francesas, fai as prácticas de piloto por diversos mares e publica dous fitos históricos: Manoel Antonio. Con só 22 anos o manifesto *Máis alá*, unha contundente e iconoclasta toma de posición contra o repertorio esencialista da literatura folk,

patriótica de manual, pseudosocial e esportivamente paisaxista, contra o pasado e vello, os modelos precisamente de Rosalía, Pondal e Curros (sacrilexio imperdoable), contra o hibridismo dos escritores bilingües (todo un fito) e pondo por primeira vez no horizonte a estrela da por el denominada «futura República Galega». Era 1922, o mesmo ano da Semana de Arte Moderna no Brasil. En 1928 púxolle un infinito trigo limpo á súa prédica con *De catro a catro*, obra cimeira na poesía galega de tódolos tempos, como pensamos algúns. Executando un sincretismo insólito de creacionismo, cubismo, futurismo e teoría da relatividade, Manoel Antonio ponnos no medio dun mar nunca visto, dun mar dentro do mar, coa única costa das constelacións. A soidade e o nós, a repetición e os adeuses, o naufraxio e a navegación interestelar, a foula e o ronsel, os *leit-motivs* e as improvisacións, os cantares populares e as bandeiras políglotas de verso libre, Vigo e ningures, náufragos, cartas mariñas, ventos, encalmadas, espectros, faros astrais: «Fomos ficando sós».

Sempre que houbo algún golpe de temón no sistema literario galego, fose narrativo ou fose poético, e houbo varios debido a estas tensións das que vimos falando, alí estaba a man, a sombra daquel mozo morto ós trinta anos. Así pasou nos anos cincuenta coa Nova Narrativa, ese fito que bebeu en Joyce, en Kafka, Faulkner, para producir, nunha literatura periférica e atafegada polo fascismo, a mesma poética da alienación, e ó mesmo tempo, que a que producía o *Nouveau Roman* francés na suposta capital de República Mundial das Letras. Méndez Ferrín leu despois e sempre a Robbe-Grillet, poño por caso. Pero, ¿soubos o bretón sequera da existencia de Méndez Ferrín? Dialogamos co mundo, ouvimos, pero quen nos escoita? E así pasou cando o movemento Rompente rompeu coa poética social-realista nos anos setenta, abrindo a poesía galega á contemporaneidade, de novo á vangarda, na que beben un cento de mozos, especialmente mozas, que hoxe escriben e publican poesía en galego cun vigor e unha calidade extraordinarios, fillos e fillas de Manoel Antonio, que se rebelan contra a súa propia tradición e contra o mundo. Fala María do Cebreiro:

A que coñece os nomes
a que dispón o mundo:
marica vai á fonte

a miña lingua nativa é a normativa oficial,
maruxiña, refaixo, bicos de parafuso,
ximnasia e relixión.

(maruxiña, dáme un bico
que che hei de dar un pataco.
Non quero bicos dos homes
que me cheiran a tabaco)

O proxecto político e o literario nado no Rexurdimento buscou modelos irmáns, tamén a alteridade. Nunca o foron especialmente Cataluña ou o País Vasco. Para Murguía, o líder intelectual e esposo de Rosalía, o modelo era o *Risorgimento* italiano: «ceos azúes e sereños como os de Italia», «sol de Italia, sol de amore», como dicía Rosalía de Castro. E logo Curros escribe en homenaxe a Galibaldi e a Mazzini e a Dante o seu *O divino sainete*, bajtiniano, maxistral. Sempre hai o perigo endogámico en todo proxecto literario asociado a un movemento emancipador, pero a liña máis lúcida que nos trouxo deica hoxe soubo non só conxugar nacionalismo e universalismo (este era o seu lema: nada de toda terra e tempo

nos é alleo), tamén aprender, que remedio, desta suposta oposición. Os seus vínculos históricos e lingüísticos con Portugal fixérono amar Camões primeiro, como o amaron Rosalía e Pondal e tódolos poetas que viñeron, mais logo amouse Jorge Amado ou Pepetela ou Mia Couto (Pessoa mal, máis Cesáreo Verde ou Eugénio de Andrade); o tan rendedoiro mito da nación galega celta, nado contra o iberismo asimilista, puxo a literatura galega na pista irlandesa, de Joyce a Seamus Heaney, na pista política e literaria das nacións celtas escravas do atlántico; a Xeración Nós, escachando o espello centralista de Madrid, codificou para sempre o europeísmo lexitimador (oh, oh, o Camiño de Santiago!); o nacionalismo de esquerdas fundado nos anos sesenta levounos da man do internacionalismo proletario a vernos espellados en Cuba ou en Vietnam; as teorías poscoloniais fannos estar hoxe atentos outra vez á lusofonía non metropolitana, ó caribeño Derek Walcott, ó nixeriano Soyinka, ó palestino Mahmud Darwish. E sempre, sempre, á literatura de toda terra e tempo. A soidade e a periferia tenlles estas cousas. Velái Cunqueiro, que ó pé da potente novelística social e política de Blanco Amor fixo medrar a marabilla e o requinte intertextual da súa única ficción. Con el, a lingua galega transfórmasse nun instrumento sutilísimo que viaxa das profundidades basilares da terra en que son o cervo e a bidueira deica as vastas xeografías da literatura universal, as néboas de Bretaña, os bosques de Merlín, os mares de Simbad, os círculos de Dante, a *bianca neve scende senza vento* de Cavalcanti, Pëtofi, Hölderling... Cunqueiro, fillo de Manoel Antonio, tamén era un extraordinario poeta. Vaíamos á batalla de Hastings: «Recoñecemento de Harold Godwinson».

E foi a propia Rosalía de Castro a que afianzou definitivamente o sistema literario emerxente co seu outro contributo en galego, *Follas novas*, dilatado poemario de 1880. Neste caso, xa sen o verniz dos cantares populares, Rosalía ofrece, lectora da poesía europea do seu tempo, entre outras moitas cousas, un insólito descenso ó eu (Vital Correa dixo aquí da poesía o que Ernesto Sábato a propósito da narrativa contemporánea). É a Rosalía metapoética, a do cravo, a da negra sombra e outros infinitos, da estranxeira na súa patria, da que fura nos adeuses á vida, a das mulleres que foxen na noite, das penélopes que fican abandonadas, viúvas de vivos e mortos, que ninguén consolará. A tensión, non só entre o nós e o eu, tamén entre o nós e o nosoutas, entre o eu e o eu muller, que perdura na mellor poesía galega, de múltiples xeitos, até o día de hoxe. E velaquí todo un himno nacional galego, edificado sobre unha imaxe dese fondo inexplicábel que falou, fala e falará sempre, a negra sombra, «Cando penso que te fuches».

Outros poetas, que foron do nós e do eu, que foron sociais e foron intimistas, tamén nos deixaron imaxes permanentes, coma Celso Emilio Ferreiro e a súa «Longa noite de pedra», metáfora do franquismo ou mesmo desta idade de pensamento único ou pensamento cero. Leva esta cita de Carlos Drummond de Andrade:

No meio do caminho tinha uma pedra
tinha uma pedra no meio do caminho
tinha uma pedra
no meio do caminho tinha uma pedra.

Méndez Ferrín deixounos a espiral, a espiral do tempo, a espiral política, e da propia creación literaria, a espiral dos petroglifos galaicos e a que se xuntou co martelo e a fouce

na bandeira da Unión do Pobo Galego. Ningún romance escrito no noso idioma é tan competente cifra da espiral de noso, política e literaria, coma o seu *Bretaña, Esmeraldina*. E este é o seu poema «Espirai».

En fin, Rosalía muller, foi e é un referente para todas as mulleres escritoras. Xohana Torres, nos anos de Clarice Lispector, puña con arroubo nos mares activos da literatura, como fixera Rosalía, a tódalas mulleres: «Penélope».

E por aquel mesmo tempo María Mariño, lendo Rosalía, dinamitaba as cadeas da fala e da poesía convencional con versos coma estes de «Aquí che deixo».

Hoxe as mulleres escritoras, multitude, protagonistas e canonizadas, aquí e no Brasil, tampouco cantan, como non cantou Rosalía, nin as pombas nin as flores.

O sistema literario galego naceu, con Rosalía de Castro, marcado ideoloxicamente. Os horizontes de dignidade e liberdade van ser tamén horizontes de transformación social e política, sempre a prol dos excluídos, nunca esencialistas. E a propia Rosalía é todo un motivo literario, onte e hoxe, que xerou tamén imaxes indelebles, como aquel «Non convén chorar máis / ela chorou por todos e para sempre» de Pimentel ou a estrela na fronte que lle puxo Curros Enríquez, a mesma que quixo para si José Martí, en vez do xugo español, naquel memorable poema, coetáneo do noso: «Dame el yugo oh mi madre de manera / que puesto en el el pié luzca en mi frente / mejor la estrella que ilumina y mata».

Galicia non ten república máis libre, de momento, que a república da súa literatura, a república dos seus soños, Nélida Piñón. Parafraseando a Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega nun acto na Habana, en cuxa extraordinaria Feira do Libro deste ano Galicia foi convidada de honra, non temos un exército poderoso, non ocupamos unha posición xeoestratéxica relevante, non temos petróleo nin diamantes nin unha potente economía, o noso capital humano é menor có deste estado de Pernambuco... Pero temos unha cultura milenaria. E eu aínda lle acrecento que, moito coidadiño, temos unha lingua e unha literatura e non dubidaremos en usalas.

E tampouco estamos sós. Hoxe e aquí no Auditorio André Malraux da Alianza Francesa, no Recife de Pernambuco, aquí en territorio nordestino brasileiro pódese ouvir a lingua galega como o que é, unha lingua irmá da que aquí se fala, unha lingua perfectamente comprensíbel prá lusofonía. E teñan por certo que aquí me acho en territorio lingüísticamente familiar. Non estamos sós, non. Vocés son nosos irmaos, como temos por irmaos tódolos pobos do mundo que procuran a dignidade e a liberdade.